

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 14 de xuño de 2016 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 15 de febreiro de 2016 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2015/16.

Mediante a Orde do 15 de febreiro de 2016 (DOG do 26 de febreiro), convocáronse axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do Programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2015/16, e aprobáronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, as solicitudes foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria, a cal acordou a exposición das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas interesadas poderán formular, durante un prazo de 10 días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Rematado este prazo, e de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Artigo 1

Concederlle axudas de mobilidade complementarias, no marco do Programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que se relaciona no anexo I desta resolución e pola contía que se especifica.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez presentado o anexo II da orde de convocatoria (declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución



para mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Denegarles axudas de mobilidade complementarias, no marco do Programa comunitario Erasmus+, ás persoas solicitantes que se relacionan no anexo II desta resolución polos motivos especificados.

Artigo 2

O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde de convocatoria do 15 de febreiro de 2016 (DOG do 26 de febreiro), e nesta resolución, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I

Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Albor Rodríguez	Brais	EASD Mestre Mateo	588,88 €
Almeida Ferreira	André	CMUS Superior de Vigo	588,88 €
Almeida Ferreira	Bruno	CMUS Superior de Vigo	847,99 €
Becoña Lorenzo	Rosalía	CMUS Superior da Coruña	847,99 €
Berciano Allegue	Irene	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	471,11 €
Blanco Andrés	Noemí	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	471,11 €
Boente Vilaboa	Ruth	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	565,33 €
Cáceres Vázquez	Mariana Jesús	EASD Pablo Picasso	588,88 €
Carbajo Martínez	Miguel	CMUS Superior da Coruña	565,33 €
Casares Gestal	Manuel	CMUS Superior da Coruña	471,11 €
Chamorro Moris	Gabriel	CMUS Superior da Coruña	565,33 €
Covelo Lores	Noa	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	565,33 €
David Álvarez	Melissa	CMUS Superior de Vigo	942,20 €
Fernández Diéguez	Irene	Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	282,66 €
Fernández García	Iago Senén	CMUS Superior da Coruña	471,11 €
Fernández González	Celina María	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	565,33 €
Fraga Bugallo	Jacobo	EASD Pablo Picasso	471,11 €
Gallego Pérez	Amanda	CMUS Superior da Coruña	565,33 €
García Álvarez	Brianda	CMUS Superior da Coruña	471,11 €
García González	Diego	EASD Pablo Picasso	353,32 €
García Ríos	Marta	EASD Pablo Picasso	471,11 €
García Rodríguez	Elvia	EASD Mestre Mateo	588,88 €
Germana Riveiro	Sara	EASD Pablo Picasso	471,11 €
Gómez Álvarez	Diana	EASD Antonio Failde	376,88 €
González Rodríguez	Pablo	CMUS Superior da Coruña	847,99 €
Grandal García	Kevin	EASD Mestre Mateo	588,88 €
Illanes Losada	Silvia	Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	282,66 €
Lemos González	Rebeca	CMUS Superior da Coruña	251,26 €
Malleiro Díaz	Martiño	CMUS Superior de Vigo	942,20 €
Miguélez Torres	María Laura	CMUS Superior de Vigo	847,99 €
Ónega Otero	Amelia	CMUS Superior de Vigo	942,20 €
Pais Gómez	Alejandra	EASD Pablo Picasso	471,11 €
Pardo Pérez	Bruno	EASD Ramón Falcón	282,66 €
Paz Vidal	Ana (De)	EASD Pablo Picasso	314,07 €
Pazos Fernández	Sebastián	EASD Ramón Falcón	282,66 €
Phillipps-Treby Correa	Camila	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	847,99 €
Quintás Santiso	Olga Patricia	EASD Mestre Mateo	565,33 €



Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Ramírez Escobar	Daysi Margarita	EASD Antonio Faílde	471,11 €
Rodríguez Iglesias	Cristina	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	376,88 €
Rodríguez Rodríguez	Guillermo	CMUS Superior da Coruña	314,07 €
Teixeiro Rei	Xiana	CMUS Superior de Vigo	471,11 €
Vázquez Ramos	Sabela	CMUS Superior de Vigo	847,99 €
Vila Benavides	Ignacio (Da)	CMUS Superior de Vigo	942,20 €
Vila Cabaleiro	Iris	EASD Antonio Faílde	471,11 €
Zapata Blanco	Esteban	CMUS Superior da Coruña	471,11 €
Total			25.000,00 €

ANEXO II

Apelidos	Nome	Centro	Motivo da exclusión
Bouzada Salias	María Almendra	CMUS Superior de Vigo	Presentación fóra de prazo e non conforme co Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro.

